



BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da súa deputada **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Emenda á Proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentar de En Marea, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego co fin de garantir a participación efectiva de todos os concellos e partes afectadas naquelas decisións de interese xeral relacionadas coa ordenación do bordo litoral portuario da cidade Coruña, con número de rexistro **30115**, que figura na orde do día da Comisión 1ª convocada para o vindeiro 16 de maio de 2018.

Emenda de adición

Engadir un novo punto co seguinte texto:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a consensuar co Concello da Coruña o modelo de xestión e de usos dos peiraos desafectados do Porto Interior, xa que se trata da derradeira metamorfose que vai sufrir A Coruña a nivel urbanístico e constitúe un espazo de oportunidade para a artellar a mobilidade metropolitana, gañar espazos libres, instalar espazos para a investigación e o desenvolvemento relacionado co mar ou instalar equipamentos sociais xa que se trata dunha cidade que ten unha das densidades de poboación



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/05/2018 17:11
Nº Rexistro: 30989
Data envío: 15/05/2018 17:11:25.624

máis altas de Europa e que pola súa propia fisioloxía peninsular non ten máis espazo para medrar.”

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Deputada do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 15/05/2018 17:09:23

Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2018 17:09:28

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa da deputada Guadalupe Murillo Solís, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á proposición non de lei en Comisión** do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia **10/PNC-002405(30016)**, sobre a garantía polo Goberno galego da suficiencia financeira das federacións deportivas galegas co establecemento dun marco plurianual para o período 2018-2020.

Emenda de modificación

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

O Parlamento insta á Xunta de Galicia a realizar un estudo dos costes reais do exercicio das competencias delegadas pola Xunta de Galicia nas federacións deportivas galegas, que permita adecuar a financiación destes costes á súa realidade.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 15/05/2018 18:09:55

María Guadalupe Murillo Solís na data 15/05/2018 18:13:17